



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, SECTORES PRODUCTIVOS, EMPREGO SOSTIBLE E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Expediente: 2025000035002

Referencia: PEL-EPR PREMIO / 2026

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DA VIII EDICIÓN DOS PREMIOS DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL-EPR PREMIO / 2026)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vistos o informe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e o informe do Servizo de Fiscalización.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante a Resolución de Presidencia número 2026 / 14978, do 13 de abril, foron aprobadas as bases reguladoras e a convocatoria da VIII edición dos Premios do Plan de Emprego Local (PEL-EPR PREMIO). As bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 70 do 16 de abril de 2026.

Segundo.- A convocatoria, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 74 do 22 de abril de 2026, estableceu como prazo de presentación desde as 9.00 horas do 23 de abril ata as 14.00 horas do 12 de maio. A totalidade das candidaturas referidas foron presentadas dentro do prazo mencionado e cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras e na convocatoria.

Terceiro.- De acordo co establecido na Base 7. Desenvolvemento do proceso de selección de iniciativas gañadoras, por Resolución de Presidencia número 2026 / 23220, do 20 de maio, aprobouse o nomeamento do xurado que levou a cabo as valoracións das 10 candidaturas finalistas das catro categorías principais. O 28 de maio de 2026 tivo lugar a reunión do xurado na que seleccionou as catro candidaturas gañadoras das principais categorías, así como decidiu outorgar accésits en todas elas, ao mediar unha diferenza inferior a 5 puntos entre as primeiras e segundas clasificadas de todas as categorías. Ademais, decidiron por consenso a candidatura gañadora da mención honorífica á mellor iniciativa transformadora do rural. Todas as candidaturas presentadas ou propostas admitidas foron valoradas segundo os criterios de valoración establecidos na Base 4. Criterios de valoración, tal e como se reflicte na acta da reunión do xurado celebrada o 28 de maio de 2026.

Cuarto.- A totalidade das candidaturas premiadas que se conceden con cargo á convocatoria considéranse correctas e axustadas aos termos e requisitos das bases reguladoras e as cantidades a asignar tamén se corresponden cos criterios de asignación das bases.

Quinto.- Na partida orzamentaria 0520/24100/481 do orzamento xeral desta Deputación para o exercicio 2026 existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das subvencións propostas.

RESOLVO:

1º.- Aprobar a concesión da VIII edición dos Premios do Plan de Emprego Local ás entidades que se relacionan a continuación polos importes que se indican:

Entidades	Importe
Nome: NUBEIRO LABS, SOCIEDAD LIMITADA. NIF: B19924992 Expediente: 2026000018431 1ª Categoría: Premio iniciativa emprendedora	15.000,00 €
Nome: UBALDO CERQUEIRO GARCÍA Proxecto empresarial: QUE PASA NA COSTA NIF: ***9169** Expediente: 2026000018295 2ª Categoría: Premio traxectoria empresarial	15.000,00 €
Nome: ENZICAS BIO, S.L. NIF: B10923191 Expediente: 2026000018301 3ª Categoría: Premio iniciativa territorio sostible	15.000,00 €
Nome: FRANCISCO JOSÉ MILLÁN VALIÑO Proxecto empresarial: FROUMA ATLANTIC WOOD NIF:***3003** Expediente: 2026000018426 4ª Categoría: Premio iniciativa empresarial singular	15.000,00 €
Nome: ANA MARIA DE ASPE DOLDAN Proxecto empresarial: LA TRIBU VERDE NIF: ***8509** Expediente: 2026000018143 1ª Categoría: Accésit iniciativa emprendedora	5.000,00 €
Nome: CHEVERE PRODUCCIONES, S.L.U. NIF: B15636517 Expediente: 2026000018168 2º Categoría: Accésit traxectoria empresarial	5.000,00 €
Nome: CYNTHIA ARIAS RAMIL Proxecto empresarial: BIEITEIRAS NIF: ***3751** Expediente: 2026000018455 3º Categoría: Accésit iniciativa territorio sostible	5.000,00 €

Entidades	Importe
Nome: JOSE MANUEL SALVADO SANÍN Proxecto empresarial: SANÍN PERCUSIÓN TRADICIONAL NIF: ***9020** Expediente: 2026000018108 4º Categoría: Accésit iniciativa empresarial singular	5.000,00 €
Nome: QUEIZUAR SL NIF: B15594401 Números de rexistro: 202699900049277, 202699900049270 e 202699900047581 Categoría honorífica: Mención do xurado á mellor iniciativa transformadora do rural	0,00 €

2º.- Denegar a concesión dos galardóns da VIII edición dos Premios do Plan de Emprego Local ás entidades candidatas que non figuran no punto anterior.

3º.- Dispor o gasto dos premios concedidos con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0520/24100/481, fase A, operación número 220260022693 , importe: 80.000,00 €

4º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.